



**JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Chandrexa de Queixa, provincia de Ourense,**

**CERTIFICO:**

**Que o Sr. Alcalde do Concello de Chandrexa de Queixa, mediante acordo de data vinte e seis de xuño de dous mil dezanove, adoptou o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade:**

" .....

**D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**, Alcalde-Presidente do Concello de Chandrexa de Queixa, en uso das facultades que me confire a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Vista a necesidade deste Concello de realizar as obras consistentes na "MELLORA DE ACCESO AO NÚCLEO RURAL DE QUINTÁ", que conta coa financiación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en virtude da Resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019 - 2020 (DOG núm. 21, de 30 de xaneiro de 2019), na que se concede ao Concello de Chandrexa de Queixa unha subvención por importe de 43.850,00 €.

Visto o "PROXECTO DE MELLORA DE ACCESO AO NÚCLEO RURAL DE QUINTÁ" redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Alberto Ramírez Marín por importe de corenta e tres mil trescentos sesenta e tres euros con vinte e tres céntimos (43.363,23 €), máis o importe correspondente ao Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), que é de nove mil cento seis euros con vinte e oito céntimos (9.106,28 €), o que fai un total de cincuenta e dous mil catrocentos sesenta e nove euros con cincuenta e un céntimos (52.469,51 €).

Visto o informe técnico realizado polo arquitecto do servizo de xestión de investimento, subvencións e patrimonio da Excm. Deputación Provincial de Ourense, D. José Ramón Rodríguez-Novoa González de data 20 de febreiro de 2019, no que ao abeiro do artigo 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia, informa favorablemente o devandito proxecto, sempre que se cumpra o establecido no apartado 8º (condicións) do seu informe.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da LCSP, esta Alcaldía entende preciso que se tramite o correspondente contrato administrativo de obras consistente consiste na MELLORA DE ACCESO AO NÚCLEO RURAL DE QUINTÁ.

Visto que, de conformidade co disposto no artigo 28 da LCSP, queda acreditado no expediente administrativo mediante memoria xustificativa de 26 de xuño de 2019 a insuficiencia de medios persoais e técnicos propios para facer fronte ás necesidades que motivan a licitación deste contrato.

Considerando que atendendo ao importe ao que ascende o contrato, así como os criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares o procedemento de licitación máis adecuado parece o procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

Visto que con data de 26 de xuño de 2019 emitiuse informe da Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, e visto que de conformidade co mesmo o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é esta Alcaldía, así como certificado de existencia de crédito.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e no artigo 117 da LCSP,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar o "PROXECTO DE MELLORA DE ACCESO AO NÚCLEO RURAL DE QUINTÁ" redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Alberto Ramírez Marín, cun orzamento que ascende a cincuenta e dous mil catrocentos sesenta e nove euros con cincuenta e un céntimos (52.469,51 €).



**CONCELLO DE  
CHANDREXA DE QUEIXA**

Rúa do Concello nº 19  
32786 Chandrexa de Queixa (Ourense)  
Tfno: 988334000  
Fax: 988334056

**Segundo.-** Nomear como técnico director da obra ao enxeñeiro agrónomo D. Alberto Ramírez Marín, colexiado nº 790, coas funcións e efectos que legalmente lle correspondan.

**Terceiro.-** Aprobar o expediente de contratación, como contrato administrativo de obra, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para a contratación da "MELLORA DE ACCESO AO NÚCLEO RURAL DE QUINTÁ".

**Cuarto.-** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Pregos de Prescricións Técnicas que rexerán a contratación.

**Quinto.-** Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto simplificado, procedendo á publicación do pertinente anuncio de licitación no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de vinte días dende a súa publicación se presente as proposicións que se estimen pertinentes.

**Sexto.** Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que teña lugar....."

**E para que así conste e produza os oportunos efectos, expido a presente certificación, por orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Francisco Rodríguez Rodríguez, en Chandrexa de Queixa, a vinte e seis de xuño de dous mil dezanove.**

O secretario-interventor

Vº e praxe  
O alcalde.